



Concello de Cangas

FÁLAME SEMPRE

Cangas, 16/12/2016

O Concello de Cangas a través da Concellaría de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias pon en marcha unha campaña que traballará sobre a prevención e o consumo responsable nos bares.

Nesta ocasión a abordaxe será dende o emocional. O manexo emocional está presente en todas as facetas das nosas vidas. O xeito co que nos relacionamos e nos vinculamos tanto con nós como co resto da xente está dirixido por mecanismos emocionais. Todas as persoas temos unha tendencia natural á proximidade e ao contacto que pode darse en moitos ambientes: no privado, dentro da familia e no público en diferentes espazos de ocio como son os bares.

Os bares son centros de reunión social, espazos de encontro, espazos de consumo de alcol pero tamén de consumo de conversa e interacción. Este é o principal foco da nosa campaña, fortalecer o bar como espazo de xuntanzas e de consumo de conversas.

Fálame sempre! é mais que unha frase curta. É unha chamada á amizade, a coidar uns dos outros. É darlle valor á conversa, á escoita, a fomentar a unión e a irmandade entre as persoas.

A campaña ten como obxectivo principal traballar cos hostaleiros e hostaleiras de Cangas en torno á idea de poñer en valor á dimensión emocional dos seus negocios. Ao mesmo tempo, contactaremos coa súa clientela para retratar e recoller a súa historia como grupo. Enxalzar estes grupos "FÁLAME SEMPRE", poñendo a atención no bar como espazo emocional de encontro positivo onde o importante é a conversa e os coidados que os grupos teñen uns cos outros, non o que se bebe.

A campaña ten varias accións:

- Elaboración e difusión dun vídeo promocional da campaña onde actores e actrices de Cangas desenvolven un momento FÁLAME SEMPRE nun bar e convidan a hostaleiros e hostaleiras e á cidadanía a atoparse na conversa. Este vídeo estará colgado na páxina web do concello e nas redes sociais.
- Encontros de coordinación e presentación cos hostaleiros para a súa participación activa na campaña. Estes encontros terán lugar entre o 20 e o 21 de decembro.



Concello de Cangas

- Interacción nos bares adscritos á campaña onde se recolleran en retrato ou audiovisual os grupos FÁLAME SEMPRE, persoas que se están a divertir e poñen en valor o bar como espazo de encontro e que se xuntan con outras persoas para compartir a súa emoción e a súa historia de grupo.

Para máis información ou inscrición deberán poñerse en contacto co Servizo de Prevención de Drogodependencias do Concello (Avda. Ourdense, 46) con Alberto Casqueiro Iglesias coordinador da campaña.

Gabinete de comunicación